

TEXTO:

Para debido coñecemento e difusión de tódolos interesados, envíase información referente a:

- ADESTRAMENTO FEDERATIVO JUDO -

Categorías: Sub15-Sub17-Sub21-Senior Data: 26 de setembro de 2026

OBXECTIVO:	Tecnificación Deportiva 2026-2027. Selección e preparación equipos inicio tempada	
LUGAR:	POLIDEPORTIVO MUNICIPAL CASA DE LUGO Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n - 27003 - Lugo	
DATA:	Sábado 26 de setembro de 2026.	
HORARIOS:	11:15h	Apertura control de acceso.
	11:30 - 13:30h	Adestramento táctico e randori .
	16:30 - 19:00h	Adestramento táctico e randori.
DEPORTISTAS CONVOCADOS:	Os deportistas situados nos tres primeiros postos do ranking galego de cada categoría Para as categorías Infantil e Cadete, tomarase como referencia o Ranking Galego resultante tras a celebración do CES, previo á disputa das primeiras Copas correspondentes á tempada 2026-2027. (PICNIC a cargo da FGJUDO).	
DATOS:	Os clubs deberán enviar á datos@fgjudo.com unha relación dos deportistas que asistirán a esta Concentración , tanto os convocados como aqueles que desexen participar por libre, xunto coa correspondente autorización paterna, materna ou do titor/a legal, deberá remitirse antes das 12:00 horas do día 18/09/2025 . No caso de que algún deportista non vaia quedar a comer, deberá comunicalo expresamente e por escrito mediante correo electrónico á F.G.J. e D.A. Así mesmo, os clubs que desexen encargar picnic para os deportistas que asistan por libre deberán enviar unha relación dos mesmos e realizar unha transferencia de 5,90 € por deportista .	
IMPRESINDIBLE:	- Judogui tanto para os deportistas como para os profesores que queiran participar. - Pertencer a un club homologado e ter a licenza federativa en vigor da FGJUDO. - Bolígrafo, caderno de adestramentos, esparadrapo e auga. - Coñecer e respectar a normativa de conducta e actuación para os integrantes das seleccións galegas.	

RECOMÉNDASE LER BEN TODOS OS PUNTOS DESTA CIRCULAR E CONSULTAR CALQUERA DÚBIDA COA FEDERACIÓN

Calquera aspecto ou dúbida non contemplada nesta circular resolverase a criterio da Dirección Deportiva.

A DIRECTORA DEPORTIVA

Asdo. Mónica Pacheco Lomba.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758